

DECRETO NÚMERO 19009892 DO 25/11/2019

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto número 19002410 do 26/03/2019, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición para o acceso en propiedade a tres prazas de Inspector/a Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, que se rexerán, polas BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A TRES PRAZAS DE INSPECTOR POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2016), aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de xaneiro de dous mil dezanove e modificadas por dito órgano na sesión celebrada o vinte de febreiro de dous mil dezanove.

O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 84, de 11 de abril de 2019, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” número 186, de 1 de outubro de 2019.

O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 251, de 18 de outubro de 2019.

Tendo en conta que na actualidade prestan servizos no Concello de Lugo seis funcionarios coa categoría de Oficial Policía Local, e vistas as solicitudes de participación no mencionado proceso selectivo presentadas por catro funcionarios cao categoría de Oficial da Policía Local e os escritos presentados por outros dous funcionarios coa categoría de Oficial da Policía Local nos que poñen de manifesto carecer da titulación requerida para participar en dito proceso selectivo, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684, ditado o 1-07-2016 e modificado polo Decreto número 19005695, ditado o 3/07/2019 **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (xuntamente coa causa de exclusión) no proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición para o acceso en propiedade a tres prazas de Inspector/a Policía Local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, que se rexerán, polas BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A TRES PRAZAS DE INSPECTOR POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2016), aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de xaneiro de dous mil dezanove e modificadas por dito

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 1574675546887.doc

Asunto: publicación lista definitiva admitidos/excluídos

órgano na sesión celebrada o vinte de febreiro de dous mil dezanove, que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI
CANDAL RIVAS, JESUS	*029V
MERA LOPEZ, JOSE ANTONIO	*075C
PIÑEIRO SANTOS, JOSE LUIS	*318P
RIO ESPÍÑO, JOSE MANUEL	*110T

EXCLUÍDOS/AS**NON HAI**

Segundo.- Fixar a data, hora e lugar de constitución do tribunal e baremación da fase de concurso, do seguinte xeito:

Data: 25 de novembro de 2019

Hora: 17 horas.

Lugar: Xefatura da Policía Local de Lugo, sita en Rúa das Artes, nº 35.

Terceiro.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.